

DECRETO DE APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL, POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS.

Visto o informe proposta de contratación de persoal auxiliar administrativo presentado polo departamento de Servizos Sociais municipal.

Visto que concorren os requisitos de excepcionalidade da contratación dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles que xurdiron no departamento de Servizos Sociais e a existencia de necesidades urxentes e inaprazables, ao entenderse que co posto de traballo que se cobre van a satisfacerse necesidades de interese público que non admiten demora e que se non se atenderan prexudicarían ao servizo público.

Vistas as bases reguladoras para a contratación temporal, por circunstancias da produción, dun/ha auxiliar administrativo/a do departamento de Servizos Sociais polo procedemento de concurso-oposición libre.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1. Aprobar as bases reguladoras para a contratación temporal, por circunstancias da produción, dun/ha auxiliar administrativo/a do departamento de Servizos Sociais polo procedemento de concurso-oposición libre.
2. Remitir o anuncio da convocatoria ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) para a súa publicación.
3. Dar conta da presente Resolución ao Concello-Pleno na primeira sesión que se celebre a partir desta data.

Mándao e asínao a alcaldesa, do que, a secretaría dá fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

